



GOBIERNO CIVIL
DE
ORENSE

Jurado P. de Montes en Mano Común

-1-

5/a

Exp: 25/03

FD: 1535

En sesión celebrada en la fecha que se indica, se adoptó el siguiente

ACUERDO

En la Ciudad de Orense, a 29 de Marzo de 1.978

Visto, en el día de la fecha, por el Jurado Provincial de Montes en Mano Común, con asistencia de los señores que constan en acta, el presente expediente de clasificación de los montes denominados: "SAN TORCUATO"

tramitado a instancia de la Administración Forestal, como perteneciente en régimen de comunidad germánica a los vecinos de Conlle

RESULTANDO: Que por los Servicios de Investigación Forestal se confeccionó la carpeta-ficha de los montes objeto de este expediente, conteniendo el croquis "mosaico" de fotografías aéreas, la situación jurídico-administrativa, con un estudio histórico de la evolución de la propiedad colectiva vecinal, estado de los montes en relación al Catálogo, Inventario y Registro de la Propiedad y la posición de la Administración Municipal, situación de hecho, para llegar a la conclusión de que tales montes son claramente definibles como montes vecinales en mano común, porque la posesión vecinal es pacífica y no interrumpida, desde tiempo inmemorial, en concepto de dueños, porque tienen una procedencia foral, porque la propiedad ha permanecido indivisa y los aprovechamientos vienen siendo mancomunados, ligados a la condición de vecinos de sus beneficiarios, sin fijación de cuotas específicas; porque el Ayuntamiento presta aquiescencia a la posible calificación de vecinales en mano común.

RESULTANDO: Que en sesión del Jurado Provincial, de fecha 9 de Noviembre de 1.977 se acordó iniciar expediente para la clasificación de los montes de referencia; designando como instructor a Don Ovidio Chahosa Sarandeses, quien aceptó el cargo y procedió a su tramitación, librándose mandamiento para la anotación preventiva en el Registro de la Propiedad del Partido; también se acordó oír a todas las personas, organismos y corporaciones interesados, librándose comunicaciones a tal fin, dirigidas al Sr. Alcalde del Término municipal; Presidente de la Junta de Comunidad o Alcalde Pedáneo, Presidente de la Hermandad Sindical de Labradores y Ganaderos, Diputación Provincial y Sr. Ingeniero-Jefe del I. C. O. N. A., publicándose edictos en el Boletín Oficial de la Provincia y en el Tablón de Anuncios del Ayuntamiento. Sin que haya comparocido más que el I.C.O.N.A. para participar que el monte se halla catalogado con el número 113 de los de Utilidad Pública.



RESULTANDO: Que en la tramitación del presente expediente se han cumplido las formalidades legales, especialmente cuanto dispone la Ley de Montes en Mano Común, de 27 de julio de 1968, y el Reglamento para su aplicación, de 26 de febrero de 1970, así como lo establecido en la Ley de Procedimiento Administrativo, de 17 de julio de 1958.

VISTOS, los preceptos citados y demás disposiciones de general aplicación.

CONSIDERANDO: Que el Jurado Provincial de Montes en Mano Común tiene jurisdicción y competencia para conocer del presente expediente de clasificación de los montes que tengan tal carácter, a tenor de lo dispuesto en el art.º 10 de la Ley citada y el art.º 10 de su reglamento.

CONSIDERANDO: Que la Administración Forestal es parte legítima para solicitar la iniciación del presente expediente de clasificación de los montes como vecinales en régimen de comunidad germánica o mano común, como así lo reconoce el art.º 11 de la citada Ley de Montes en Mano Común.

CONSIDERANDO: Que el tipo de comunidad germánica que instituye la Ley de Montes en Mano Común, inspirada en el reconocimiento que de esta comunidad ha hecho el Tribunal Supremo, entre otras, en las Sentencias de 22 de diciembre de 1926, 28 de diciembre de 1957, 30 de septiembre de 1958 y muy especialmente en la de 2 de febrero de 1965, tiene como características esenciales las siguientes: 1.ª) - Los condóminos están unidos por vínculos personales de vecindad, agrupados en parroquias, aldeas, lugares, caseríos o barrios; no constituidos formalmente en Entidades Municipales. 2.ª) - Que, por tanto, el número de titulares es variable e indeterminado. 3.ª) - Que el patrimonio colectivo sea utilizado y aprovechado por la cualidad de miembro de la agrupación vecinal, faltando la idea de cuota en el sentido jurídico romano. 4.ª) - Que el patrimonio y la participación es inalienable e intransferible y se pierde al perder la cualidad de vecino. 5.ª) - La comunidad es indisoluble, los comuneros no pueden pedir ni ejercitar la "actio communi dividundo".

CONSIDERANDO: Que el monte denominado "San Torcuato", cuya clasificación solicitan los vecinos de Conlle, reúne todas las características anteriormente enumeradas que definen la propiedad colectiva de tipo germánico o mano común, por venir siendo poseído y disfrutado consuetudinariamente por los vecinos de la entidad vecinal de Layas, con exclusión de cualquier otro grupo o entidad. Sin que la inclusión del monte en el Catálogo se constituya en obstáculo a su clasificación, en el que figura con el número 113 de los de Utilidad Pública, a tenor de lo dispuesto en el número 2º del artículo 1º de la Ley de 27 de Julio de 1968.

EL JURADO PROVINCIAL DE MONTES EN MANO COMUN, a la vista de los antecedentes y fundamentos de derecho expuestos, ACUERDA:

C L A S I F I C A R el monte denominado de "SAN TORCUATO" de unas 120 Ha., cuyos linderos son Norte, monte comunal de los vecinos de Xinzo, del municipio de San Amaro y Ourantes; Este, monte comunal de Barbantes, puntos de referencia Catasol y Campo Loureiro; Sur, monte y fincas particulares de los vecinos de Layas, cuyo porímetro está separado por muro, y Oeste, con más monte comunal de los vecinos de Razamonde, como perteneciente en régimen de comunidad germánica o mano común a los vecinos de LAYAS. Excluyase el monte de la relación de monte catalogados en el que figura con el número 113 de los de Utilidad Pública; Incluyasele en la relación de montes vecinales del Ayuntamiento y firme esta resolución procedase a revisar el consorcio de repoblación del monte.

Firme esta resolución remítase testimonio de la misma al Juez de 1ª Instancia e Instrucción, a efectos de la rectificación del asiento registral.

Notifíquese esta resolución al Sr. Alcalde, Presidente o Representante de la Comunidad y Sr. Ingeniero-Jefe del I. C. O. N. A., a los que se les hará saber que contra esta resolución pueden interponer el recurso contencioso-administrativo, ante la Sala correspondiente de la Audiencia Territorial de La Coruña, en el plazo de DOS MESES, previo el de reposición ante este Jurado Provincial, en el plazo de UN MES, a partir del día siguiente a su notificación.



Sr.

Monte: SAN TORCUATO

321/5.507


Término Municipal de:

CENLLE

ESCALA 1:10.000

Nº 3 CENLLE

Plano Consorcio





José Antonio García Rodríguez, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

CERTIFICO:

Que na sesión do **13 de xullo de 2011** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

VI.- Para tratar do Actos de conciliación (3) celebrados, o 22.07.2009, entre as Comunidades de Montes Veciñais en Man Común de Ourantes (Concello de Punxín), de Xinzo (concello de San Amaro), de Andrade (concello de San Amaro) e de Laias (concello de Cenlle) respectivamente no Xulgado de Paz de Punxín, asiste a reunión D. Miguel Angel Sousa Dines (por Laias) e o Xurado Provincial, logo de examinar a documentación achegada e o informe do Servicio de Montes no que se recolle que *"...co trazado da liña acordada tanto as superficies de clasificación dos montes implicados como a dos convenios que teñen suscritos coa Administración non presentan variacións considerables polo tanto o número de hectáreas non cambia."* o Xurado manifesta a súa aceptación do acordo acadado previamente pola respectivas comunidades.

E para que conste aos efectos oportunos expido o presente en Ourense a cinco de outubro de dous mil doce.

Vº Bº
O Presidente

Ricardo Ignacio Vecillas



**ACTA DE RECOÑECIMENTO DO LINDEIRO ENTRE OS MONTES VECIÑAIS EN MAN
COMÚN "SAN TROCADO" (LAIAS) E "SAN TROCADO" (OURANTES)**

ACTA 1.02

O domingo día *vinte e seis de abril do 2009* ás 11:00 horas reúnen no San Trocado Don José Regueiro Cao con D.N.I.- 34.602.714 - L, maior de idade e con domicilio en Laias (Cenlle) e Don Miguel Angel Sousa Dines con D.N.I.-,34.915.409 - Y, maior de idade e con domicilio en Laias (Cenlle) representando, na calidade de Secretario e Presidente respectivamente, á Comunidade de Montes de "San Trocado" de Laias, concello de Cenlle, con C.I.F.- V - 32.182.990. En representación da Comunidade de Montes da Parroquia de Ourantes, que leva como nome "San Trocado, nº 71, Cidade, Cidade pequena, Agrelo e Coto Corvelle" con C.I.F.- E- 32.300.287 e domicilio fiscal en Ourantes (Punxín) preséntanse, D. Antonio Obenza Iglesias con D.N.I.- 34.975.310-S, maior de idade, solteiro con domicilio en Ventosela e D. Amador Vázquez Lima con D.N.I.- 34.603.128-L , maior de idade, solteiro e con domicilio en O Souto; en calidade de Secretario e Presidente respectivamente. E por último, facendo levantamento da Acta o enxeñeiro operador, Don José Manuel Prado Prado, (*Enxeñeiro Técnico Forestal Colexiado nº 803*) con D.N.I.- 34.991.014-X, maior de idade, solterio e con domicilio en O Lago (Maside).

O motivo de dita reunión é debido á petición das Comunidade de Montes Veciñais en Man Común das parroquias de Ourantes (concello de Punxín) e Laias (concello de Cenlle) que queren replantear os lindeiros entrambas Comunidades, no monte denominado "San Trocado".

Comprobada a documentación obrante, e levado a cabo o levantamento topográfico das coordenadas UTM (*fuso 29*) que definen os vértices da liña poligonal que forma o lindeiro entrambos montes en presenza das dúas comunidades propietarias, chégase a conclusión de que a liña resultante é unha mellora da que se describe na documentación existente sobre os montes.

Unha vez levadas a cabo tódalas comprobacións mencionadas as dúas comunidades de montes recoñecen en Asambleas Xerais, os lindeiros que se describen a continuación, definida polos seguintes puntos numerados do 1 ó 6, comezando polo punto máis ó Sur, e de acordo co plano adxunto á presente acta.

O ACORDADO É O SEGUINTE:

- Avanzando en dirección Sur-Norleste:

Punto Nº 1: Este lugar é recoñecido polos veciños de Laias como "**O penedo da Esbaradía**" e polos veciños de Ourantes como a "**Laxa da Esbaradía**", con coordenadas UTM (579.475, 4.688.050). É unha paraxe moi característica da zona que se identifica nunha formación rochosa destacada que se sitúa nas inmediacións dun cruce de pistas forestais. Na cima desta formación rochosa existe unha cruz cincelada con tres letras gravadas "P" de Punxín, "S" de San Amaro e unha "C" de Cenlle". Aquí

empeza o linde que nos ocupa, coincidindo neste punto, ademais dos montes veciñais interesados obxecto do levantamento da presente acta, o monte veciñal en man común de "San Trocado" pertencente ós veciños do pobo de Xinzo, parroquia de Eiras, concello de (San Amaro).

Punto Nº 2: Trátase dun lugar recoñecido polos veciños como "A Rega de Xinzo" coas coordenadas UTM (579.646, 4.688.075). É un lugar característico representado por unha peneda próxima a unha pista forestal, cunha gravación dunha cruz cincelada na pedra. O linde que se describe está constituído pola liña recta que une este punto co anterior, situándose ó Norte o M.V.M.C. do "San Trocado" pertencente á parroquia de Ourantes e ao Sur o M.V.M.C. do "San Trocado" pertencente á parroquia de Laias.

Punto Nº 3: Lugar chamado polos veciños da zona como "As Chairas" coas coordenadas UTM (579.903, 4.688.150). Este punto, próximo a unha pista forestal e a un sembrado de cereal que constitúe unha mellora do T.E.C.O.R, está representado pola existencia dunha peneda cunha cruz cincelada con dúas letras gravadas, "C" de Cenlle e "P" de Punxín, ubicando ó Norte os montes de Ourantes e ao Sur os montes de Laias. O linde que se describe está constituído pola liña recta que une este punto co anterior, situando ó Norte o M.V.M.C. do "San Trocado" pertencente á parroquia de Ourantes e ao Sur o M.V.M.C. do "San Trocado" pertencente os veciños da parroquia de Laias.

A partires do punto 3 comeza unha devasa manual polo linde do monte ata o próximo punto sinalizado. Como a liña entre o punto 3 e o seguinte non define unha recta tomáronse puntos intermedios no eixo lonxitudinal da devasa para establecer o linde entre os montes como así o acordaron os seus representantes a pé de campo. As coordenadas dos puntos son as seguintes:

3.1 (579989, 4688196). 3.3 (580151, 4688255). 3.5 (580366, 4688391). 3.7 (580488, 4688337).
3.2 (580083, 4688218). 3.4 (580270, 4688351). 3.6 (580402, 4688399).

Punto Nº 4: Lugar con coordenadas UTM (580.530, 4.688.324). Este punto está representado por unha pena cunha cruz cincelada na mesma e dúas letras gravadas, "C" de Cenlle e "P" de Punxín, ubicando ó Norte os montes de Ourantes e ao Sur os montes de Laias. O linde que se describe está constituído pola liña (*definida polas coordenadas anteriores*) que une este punto co anterior (punto nº 3), situándose ó Norte o M.V.M.C. do "San Trocado" pertencente á parroquia de Ourantes e ao Sur o M.V.M.C. do "San Trocado" pertencente os veciños da parroquia de Laias. A partir deste punto comeza unha devasa mecanizada polo linde dos monte, segundo os representantes de ambas partes.


Punto Nº 5: Lugar denominado como "A Pía do Corvo" segundo os veciños de Ourantes e "Catasol" segundo os veciños de Laias con coordenadas UTM (580.822, 4.688.250). Este punto identifícase por unha pena de grandes dimensións pegada á devasa. O linde que se describe está constituído pola liña recta que une este punto co anterior situando ó Norte o M.V.M.C. do "San Trocado" pertencente á parroquia de Ourantes e ao Sur o M.V.M.C. do "San Trocado" pertencente os veciños da parroquia de Laias. Neste punto non existen sinais ou marcas destacables.

Punto Nº 6: Lugar denominado polos veciños como "Chicarme" con coordenadas UTM (580.906, 4.688.381). Este punto identifícase no eixo lonxitudinal da devasa e aquí remata o linde que nos ocupa, confluindo ademais dos montes interesados, o M.V.M.C. de Barbantes. O linde que se describe queda constituído pola liña recta que une este punto e punto anterior situando ó Oeste o M.V.M.C. do "San Trocado" pertencente á parroquia de Ourantes e ao Leste o M.V.M.C. do "San Trocado" pertencente os veciños da parroquia de Laias. Neste punto non existen sinais ou marcas destacables.


En proba de conformidade co lindeiro descrito, e co fin de instar ó Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, para efectuar as melloras necesarias nos correspondentes planos de clasificación, ASINAN OS PRESENTES a Acta que consta de tres follas e plano adxunto

O Presidente e Secretario da C.M.V.M.C. de "San Trocado, nº 71, Cidade, Cidade pequena, Agreló e Coto Corvelle"; M.V.M.C do "San Trocado" propiedade dos veciños da parroquia de Ourantes.

Asdo: O Presidente



D. Amador Vázquez Lima
D.N.I.- 34.603.128-L

Asdo: O Secretario


D. Antonio Obenza Iglesias
D.N.I.- 34.975.310-S


O Presidente e Secretario da C.M.V.M.C. de "Laias"; M.V.M.C do "San Trocado" propiedade dos veciños da parroquia de Laias.

Asdo: O Presidente


D. MIGUEL A. SOUSA DINES
D.N.I.-

34915403-Y

Asdo: O Secretario


D. JOSÉ REGUEIRO CDO
D.N.I.-

34602714-L

O Emisioneiro Operador


D. José Manuel Prado Prado
D.N.I.- 34.991.014 -X

ASINA O XUIZ DE PAZ



En San Trocado, a 26 de abril do ano 2009.

